

BASES DO III CONCURSO DE “MICRORRELATOS ESPANTOSOS”

1. O concurso está aberto a toda a comunidade educativa da EOI de Ourense e do CIFP A Farixa (alumnado, profesorado e persoal non docente).
2. Os relatos deben ser orixinais e inéditos. Estarán redactados en galego e terán unha extensión máxima de 150 palabras.
3. Poderán presentarse como textos escritos (en formato Word) ou como arquivos de audio (en formato mp3).
4. Os textos enviaranse ao correo do EDLG do centro ao que pertence a persoa participante. No caso da EOI: edlg.eoiou@gmail.com. No caso do CIFP A Farixa: dinamizafarixa@gmail.com.
5. A data límite para enviar os textos será o **venres, 3 de novembro de 2023**.
6. O EDLG da EOI enviará os relatos recibidos ao EDLG do CIFP A Farixa e viceversa.
7. Cada centro publicará os relatos recibidos e establecerá un procedemento de votación pública, aberto a toda a comunidade educativa.
8. Escollerase un relato gañador para cada categoría: texto escrito e texto oral.
9. O proceso de votación rematará, como moi tarde, o venres 17 de novembro de 2023.
10. As persoas gañadoras recibirán como premio un vale de 30 euros para gastar nunha librería da cidade.